

PLAN DE CONTINXENCIA FRONTE Á COVID-19

IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

CENTRO	CPR CONCEPCIÓN ARENAL
CÓDIGO CENTRO	32008446
ENDEREZO	RÚA BEDOIA 22
CÓDIGO POSTAL	32004
TELÉFONO	988 22 02 00
POBOACIÓN	OURENSE
CORREO ELECTRÓNICO	cpr.concepcion.arenal.ourense@edu.xunta.es
DATA	13 de setembro de 2021

1. INTRODUCCIÓN

O comezo do curso 2021-2022, ao igual que o curso anterior, debe realizarse a partir dunha planificación rigorosa que permita, ademais de establecer as medidas necesarias para previr e controlar a pandemia, cumprir os obxectivos educativos e de sociabilidade, que favorezan o desenvolvemento óptimo da infancia e adolescencia, paliar a brecha educativa e garantir a equidade.

A incerteza ante a evolución da pandemia expón 4 escenarios posibles para o inicio do curso 2021-22:

- Escenario 1: A situación da pandemia mantense na actual “Nova normalidade”, manténdose a aplicación das medidas marcadas pola Real Decreto-lei 21/2020
- Escenario 2: A situación da pandemia empeora, requirindo medidas adicionais
- Escenario 3: É o peor escenario posible, no que a situación da pandemia volve o confinamento da poboación.
- Escenario 4: É o máis favorable, no que se volve á situación de normalidade previa á declaración da pandemia por que o risco da COVID-19 desapareceu.

Este documento será o instrumento de xestión do traballo que utilizarán os responsables do centro para adoptar as medidas necesarias para eliminar ou minimizar en todo o posible a potencial exposición ao SARS- CoV-2.

O documento elaborouse de acordo á normativa vixente, sen prexuízo das modificacións ao mesmo que poidan realizarse posteriormente, de acordo ao que se poida dispoñer na normativa concernente á materia. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

2. OBXECTIVO

O Plan de Continxencia do CPR Concepción Arenal ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

3. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con alguna persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Será de obrigatorio cumprimento a realización previa da enquisa de autoavaliación clínica do Covid 19 (Anexo I do Plan de Adaptación), antes de asistir ao centro educativo, así como poñer en coñecemento do Equipo Covid calquera sospeita referente a sintomatoloxías compatibles.

- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
- Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

- *Centro de Saúde de Atención Primaria de referencia: Centro de Saúde Novoa Santos*
- *Rúa Xoan XXIII nº 6, 32003*
- *Teléfono: 988 38 58 84*

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Ourense

María Villar Suárez

Xefa territorial

Avenida de Zamora, 13

32005 Ourense

Tel: 988066371; Fax: 988066302

Correo-e: xefatura.territorial.ourense@sergas.es

- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar una consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

Membros do equipo COVID:

DIRECTORA/COORDINADORA	María José Pereira Menor
PROFESORADO PRIMARIA:	Sandra Bouzo Losada
PROFESORADO E.S.O:	Samuel Saco Figueiras

- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

4. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.
 - <https://new.edmodo.com/home>
- O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos disponibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
 - a. Empregarase a plataforma EDMODO, para compartir as tarefas e indicacións necesarias e ir traballando diariamente as diferentes materias. Nas dúas primeiras horas da mañá, de 9.00h a 11h para ESO e de 10.00h a 12.00h para Ed. Primaria, o profesorado enviará as actividades de cada materia seguindo o horario a diario de cada grupo. Desta maneira poderán organizarse desde a mañá para ir desenvolvendo a súa actividade lectiva non presencial. O profesorado realizará o seguimento de ditas tarefas segundo o indiquen na plataforma..
 - b. O traballo que se indique para o alumnado con necesidades educativas ou aquel que reciba apoio educativo estará coordinado entre o profesorado titular da materia e o profesorado de apoio e seguindo as medidas e actuacións educativas necesarias.
 - c. O alumnado poderá comunicarse co profesorado e consultar dúbidas sempre a través da plataforma EDMODO nas horas comprendidas dentro do horario habitual dunha xornada lectiva.
 - d. Durante o tempo que dure esta situación realizaranse principalmente actividades de reforzo, ampliación ou enriquecemento dos contidos impartidos.
 - e. Asimesmo o profesorado poderá solicitar que se lle envíen determinadas tarefas realizadas polo alumnado co obxecto de poder realizar o seu seguimento.
 - f. En base a esta decisión, o profesorado compartirá ou gravará vídeos ou calquera outro tipo de recursos que serán publicados ou enviados a través da plataforma educativa Edmodo. Ditos vídeos, audios e os materiais que se poñan á disposición do alumnado estarán suxeitos ao dereito de intimidade e os contidos aos dereitos de autor. Por iso, deberán tratarse coa máis estrita confidencialidade. Son para uso persoal e non poden divulgarse publicamente.

- g. O servizo de secretaría realizarase de forma telemática a través da conta de correo secretaria@ccarenal.es con horario de 9.00h a 14.00h.
- h. O Equipo Directivo estará á disposición das familias a diario a través da conta de correo cpr.concepcion.arenal.ourense@edu.xunta.es con horario de 9.00h a 14.00h, para coordinar todo o que sexa necesario, solucionar dúbidas e todas as necesidades que poidan xurdir, garantindo a prestación dos servizos básicos de información, atención e tutorización non presencial da nosa comunidade educativa. Igualmente toda a información que se deba coñecer publicárase na páxina WEB (www.ccarenal.es) e na plataforma EDMODO.

5. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

5.1 MEDIDAS DE INCORPORACIÓN DOCENTE

Non poderán incorporarse ao traballo presencial os empregados e empregadas mentres se atopan nalgunha das seguintes circunstancias:

- A. Situación de incapacidade temporal pola COVID- 19.
- B. Ter ou ter sintomatoloxía recente relacionada coa COVID-19. Neste caso, terán que contactar cos servizos de atención primaria segundo estableceuse nos protocolos das autoridades sanitarias.
- C. Estar en contacto estreito con persoas afectadas por esta doenza. Enténdese por contacto estreito, a situación do empregado que estivese en contacto estreito cun afectado de COVID-19. Nestes casos terase que contactar cos servizos de atención primaria e realizar a correspondente corentena domiciliaria durante 14 días ou polo tempo que establezan os servizos médicos.

5.2 INCORPORACIÓN DO ALUMNADO

Non asistirán ao centro aqueles estudantes que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento tras ser diagnosticados de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria, por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

A reincorporación ao centro escolar, realizarase seguindo a indicación do médico responsable do enfermo.

- Dentro do escenario de transmisión comunitaria polo virus SARS- CoV-2 e co fin de diminuír o risco de contaxio nos centros educativos, indícanse os síntomas cos que non deben acudir ao centro educativo tanto o alumnado, como os traballadores do mesmo: febre ou febrícula (>37,5), tose, conxestión nasal, dor de garganta, dificultade respiratoria, dor torácica, dor de cabeza, dor abdominal, vómitos, diarrea, dor muscular, malestar xeral, lesións ou manchas na pel, diminución do olfacto e o gusto, calafríos.

As familias asinarán unha declaración responsable na que declaran coñecer esta norma e comprométense ao seu cumprimento (ANEXO 1).

- O alumnado que presenta condicións de saúde que lles fan máis vulnerables para COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión ou hipertensión arterial), poderá acudir ao centro sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa, salvo indicación médica de non asistir.

- Recomendase evitar as aglomeracións. As familias solo poderán entrar ao edificio escolar no caso de necesidade ou indicación do profesorado ou do equipo directivo, cumprindo sempre as medidas de prevención e hixiene.

- Proporcionarase información e formación ao alumnado e as súas familias sobre as medidas contempladas no Plan. A formación ao alumnado, que se impartirá os primeiros días do mes de setembro, tamén é fundamental para a prevención do virus. É por iso, que se garantirá unha canle de comunicación de información previa sobre as medidas que se deberán tomar:

- Á entrada e saída do centro (medidas de protección respiratoria, desinfección de mans, etc.).
- Medidas de hixiene persoal (periodicidade do lavado de mans no centro e medidas de etiqueta respiratoria, evitar compartir obxectos ou establecer

limpeza tras o uso de útiles e/ou ferramentas e distancia de seguridade que deberán manter)

- Movilidad e desprazamentos polas dependencias do centro, tempos de espera e distancias.
- Adaptación da información en cartelería, sinalización... (pictogramas).

ACTUACIÓNS NA APRENDIZAXE E O ENSINO EN CONDICIÓNS DE SEMIPRESENCIALIDADE OU NON PRESENCIALIDADE

Neste apartado especificanse as solucións tecnolóxicas que usará o centro para continuar co ensino, así como as actuacións que se deben levar a cabo para a reapertura das instalacións cando a emerxencia cesase. Ditas actuacións contemplaranse nos seguintes escenarios:

Cando non hai transmisión na comunidade:

Neste caso garantírase a asistencia presencial de todo o alumnado, asegurando que as diferentes fases do proceso educativo desenvólvense coa maior normalidade posible, cumprindo coas medidas e protocolos establecidos no presente Plan de Continxencia.

Solucións tecnolóxicas
O centro usará as solucións tecnolóxicas xa implantadas na modalidade de ensino presencial previamente á situación de emerxencia sanitaria.
Actuacións respecto aos servizos complementarios
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Adecuaranse os servizos de limpeza ao escenario de presencialidad. ✓ Renovaranse os servizos de comedor. ✓ Renovaranse as actividades extraescolares. ✓ O noso centro non dispón de servizo de transporte.
Servizo de comedor
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Informar sobre a organización dos novos horarios de comedor e a diminución do aforo para a adecuación das quendas e número necesario de monitores en función do cociente regulamentariamente establecida. ✓ Definición das medidas hixiénicas e de limpeza e desinfección dos espazos polo

menos tras cada quenda de comedor.

- ✓ Definición dos EPI necesarios para o persoal de comedor e intercambio da información en canto ao cumprimento das medidas deste Plan de Continxencia que lles afecten.

Servizo de limpeza

- ✓ Establecer os requisitos de limpeza e desinfección concretos en función dos identificados no Plan de Adaptación á situación Covid-19 curso 20-21 elaborado para o noso centro.
- ✓ Determinar os EPI necesarios para o persoal de limpeza e intercambio da información en canto ao cumprimento das medidas deste Plan de Continxencia que lles afecten.

Reanudación das actividades extraescolares

- ✓ Estas actividades realízanse en horario de tarde entre 17:30h e e 18:30 horas. Para a súa incorporación ao plan de Continxencias clasificarémolas en:
 - Actividades deportivas: basicamente as actividades que se ofrecen son fútbol, voley, patinaxe, artes marciais e esgrima
 - Actividades cognitivas: clases de inglés, pintura, robótica, ciencia divertida, etc.
- ✓ Deste xeito, realizaranse reunións profesorado docente para determinar as medidas necesarias a implantar fronte ao contaxio por SARS- CoV-2, sendo a implantación efectiva das mesmas un requisito obrigatorio para autorizar a súa celebración. Para o desenvolvemento das actividades deberase asegurar a efectiva limpeza e desinfección destes espazos tras o seu uso.

Cando hai transmisión mínima ou moderada na comunidade:

Neste caso definirase un escenario de asistencia semipresencial do alumnado nos termos que definan as autoridades educativas e sanitarias competentes, asegurando a continuidade da actividade docente a todo o alumnado, independentemente da modalidade de ensino. Neste escenario adaptáense as medidas e protocolos recolleitos no presente Plan de Continxencia.

Solucións tecnolóxicas

- ✓ Á parte de impartición de clases presenciais que se estipulen oportunas, todo o Claustro do Centro utilizará as seguintes plataformas virtuais para o traballo telemático:
 - Cisco Webex: videoconferencias para titorías, impartir docencia, asistencia ás familias, etc.
 - Aula Virtual EDMODO: trátase de canles bidireccionales nos que o profesorado colgará as tarefas e poderán recibir un feedback directo por parte do alumnado, así como proporcionarlles a información das tarefas e actividades a realizar.
 - Páxina web: como canle de difusión de información relevante para a nosa comunidade educativa.
- ✓ Procurarase que os docentes realicen as actividades de formación ofertadas polo Centro, e que son necesarias para poñer en marcha os recursos telemáticos que se utilizarán durante este período.
- ✓ Ás familias proporcionaráselles a formación pertinente para o uso das plataformas que imos utilizar, realizando titoriais ou outros recursos para asegurar que as familias poidan acceder e comprender o funcionamento das mesmas.
- ✓ Para aquel alumnado que precise que o Centro lles proporcione algunha solución de tipo tecnolóxicor facilitaráselle tablets propias do Centro, así como algún dos computadores portátiles ou fixos dos que dispoñemos.
- ✓ Poñerémonos en contacto con distintos organismos para facilitar a conectividade a aqueles alumnos que o necesiten.

Actuacións respecto aos servizos complementarios

- ✓ Adecuaranse os servizos de limpeza ao escenario de semipresencialidad.
- ✓ Poderanse suspender os servizos de comedor en función das disposicións da autoridade sanitaria respecto diso.
- ✓ Suspenderase as actividades extraescolares
- ✓ O noso centro non dispón de servizo de transporte

Cando hai transmisión substancial na comunidade:

Este será un escenario de desenvolvemento de modalidade de ensino non presencial. Chegado o caso, os procesos educativos axustaranse ás instrucións das autoridades educativas competentes e axustándose ao recollido no punto 4 deste documento.

A continuación desenvolvemos as posibles solucións tecnolóxicas aprendidas polo noso corpo docente na pasada experiencia de confinamento e suspensión da actividade educativa presencial.

Solucións tecnolóxicas

- ✓ Todo o Claustro do Centro utilizará as seguintes plataformas virtuais para o traballo telemático:
 - Cisco Webex: videoconferencias para titorías, impartir docencia, asistencia ás familias, etc.
 - Aula Virtual EDMODO: trátase de canles bidireccionales nos que o profesorado colgará as tarefas e poderán recibir un feedback directo por parte do alumnado, así como proporcionarlles a información das tarefas e actividades a realizar.
 - Páxina web: como canle de difusión de información relevante para a nosa comunidade educativa.
- ✓ Procurarase que os docentes realicen as actividades de formación ofertadas polo Centro, e que son necesarias para poñer en marcha os recursos telemáticos que se utilizarán durante este período.
- ✓ Ás familias proporcionaráselles a formación pertinente para o uso das plataformas que imos utilizar, realizando titoriais ou outros recursos para asegurar que as familias poidan acceder e comprender o funcionamento das mesmas.
- ✓ Para aquel alumnado que precise que o Centro lles proporcione algunha solución de tipo tecnolóxicor facilitaráselle tablets propias do Centro, así como algún dos computadores portátiles ou fixos dos que dispoñemos.
Poñerémonos en contacto con distintos organismos para facilitar a conectividade a aqueles alumnos que o necesiten.

Actuacións respecto aos servizos complementarios

- ✓ Suspenderase os servizos complementarios

COMUNICACIÓN: Esta información estará dispoñible para a súa consulta desde o mes de setembro de 2021 e poderanse realizar consultas desde a súa publicación, a través das diferentes canles de comunicación: páxina web, a través da plataforma EDMODO, telefonicamente e a través de correo electrónico.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA NAIS/PAIS/TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

D./Da _____, con DNI número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a _____, matriculado no curso _____ (indicar curso e etapa), do CPR Concepción Arenal

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En _____, a _____ de _____ de 2021

ASDO. _____

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS CLÁUSULA ADAPTADA AO REGULAMENTO (UE) 2016/679 E Á LEI ORGÁNICA 3/2018 DO 5 DE DECEMBRO	
Responsable	COLEXIO CONCEPCIÓN ARENAL SOC. COOP. GALEGA
Finalidade	Dispoñer dunha base de datos da comunidade educativa do centro (persoal do centro, alumnos/as, nais, pais, titores/as e outros conviventes co alumno/a e persoal propio do centro), para levar un control conforme o centro educativo cumpriu a obrigaón legal de informar a cada membro do protocolo de actuación en caso de detectar síntomas compatibles con COVID - 19.
Lexitimación	Por interese público Cumprimento dunha obrigaón legal.
Destinatarios	Non se cederán datos a terceiros, salvo por obrigaón legal.

Dereitos	Acceso, rectificación e supresión dos datos persoais, así como outros dereitos adicionais explicados na información adicional.
Delegado de Protección de Datos (DPD)	Ofinemu Auditores -Consultores SL Pode consultar a función do mesmo na información adicional.
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos en: www.ccarenal.es/index.php/menu-secretaria/documentacion